

	IES MARÍA CASARES. Departamento de Biología e Xeoloxía			2024-2025
	MATERIA	BIOLOGÍA E XEOLOXÍA		
	CURSO	4º ESO	HORAS SEMANAIS	3

### BREVE DESCRICIÓN DA MATERIA

A materia de Biología e Xeoloxía de 4º curso da ESO traballa saberes das ciencias xeolóxicas e da vida como vía para o desenvolvemento das competencias clave e pretende como fin último unha plena integración cidadá do alumnado no eido profesional, social e emocional. Esta materia debería capacitar o alumnado para actuar con xuízo e curiosidade críticos, con inquietude polas cuestións éticas e co apoio á seguridade e á sustentabilidade ambiental, en particular no referido ao progreso científico en relación cun mesmo, coa familia, coa comunidade e cos problemas globais

### CONTIDOS

A célula e os virus. Estrutura e dinámica dos ecosistemas.  
 A división celular. A Terra no universo.  
 A herdanza xenética. A dinámica terrestre  
 ADN e biotecnoloxía. O relevo terrestre  
 A evolución biolóxica. A historia da Terra

### METODOLOXÍA

Empregarase unha metodoloxía activa que potencie a ensinanza construtivista. As estratexias metodolóxicas principais serán as seguintes: exposicións do profesorado sobre o tema usando presentacións e o libro de texto, uso de libreta de aula e de prácticas de laboratorio, visualización de vídeos didácticos, exposicións orais, de xeito individual ou en grupo, realización de Proxectos e saídas ao medio con exploración activa da realidade.

### CRITERIOS DE AVALIACIÓN

FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	PORCENTAXE NA CUALIFICACIÓN
Probas escritas e/ou orais	70%
Outros instrumentos de avaliación	30%
<b>TOTAL AVALIACIÓN</b>	<b>100%</b>

**NOTA MEDIA AVALIACIÓN ORDINARIA** A nota de Xuño será a media da nota obtida nas tres avaliacións

**AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA** A nota será a dunha proba global extraordinaria da materia.

### VINCULACIÓN CON ESTUDOS POSTERIORES

Esta é unha materia dirixida a aqueles alumnos interesados no bacharelato Científico relacionada con estudos superiores como a Medicina, Enfermería, Veterinaria, Biología, Industria Agroalimentaria, Biotecnoloxía, Bioenxeñaría, Enxeñaría Agrónoma... Tamén é unha materia fundamental para determinados ciclos formativos relacionados coa Agricultura, Industria Agroalimentaria, Laboratorio de Diagnóstico Clínico, Anatomía Patolóxica...

Se desexas máis información podes acceder a través da páxina do IES María Casares aos requisitos de acceso dá calquera grao no que teñas interese. Debes seguir o seguinte itinerario: *IES María Casares / Departamento de Orientación / Orientaline / Universidade / Graos / Entrar na rama de coñecemento de interese / Requisito de acceso.*